

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 25 DE XANEIRO DE 2017.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luis Rico Vereá
- D. Jesús Angel Rey Costoya
- D. José Luís Rivas Cruz
- D^a. Raquel Val Vázquez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

Dna Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 10:08 horas do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezasete, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alaldesa Dna. María Jesús Novo Gómez.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia a concelleira Dna. Ana Ledo Fernández e a concelleira Dna. Sandra Sánchez Iñiguez que si xustifica a súa ausencia.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- DITAME APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS ANUALIDADE 2017

Pola Secretaria dáse lectura ó Ditame de aprobación inicial do orzamento de 2017 adoptado pola Comisión informativa permanente especial de contas en data 20/01/2017 que se transcribe literalmente:

...”por maioría absoluta con seis votos a favor, 5 votos ponderado representado pola Alcaldesa do grupo municipal do PP e un voto do membro non adscrito, constando voto en contra do concelleiro do BNG (representante en ponderado de dous votos do grupo do BNG) e abstención da concelleira D^a Ana Ledo (representante de catro votos do grupo municipal do PSdG-PSOE), ditamínase favorablemente o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2017 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ambos estados á cantidade de 2.396.816,80€ así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	GASTOS DE PERSONAL	1.322.243,89
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	618.467,80
3	GASTOS FINANCIEROS	2.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	99.000,00
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	INVERSIONES REALES	355.105,11
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS ¿	2.396.816,80

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	315.306,31
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	8.665,47
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	743.865,62
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	981.745,03
5	INGRESOS PATRIMONIALES	129,26
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	347.105,11
	2. OPERACIONES FINANCIERAS	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS¿	2.396.816,80

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2017, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal :

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

1.-0.-Animador deportivo.-Completa

- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Conductor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-1.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.

- 9.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas 1 / 8 completa
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 3.- Mestras PAI .- 3 xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- Xornada completa
- 1.- Pinche.- Xornada completa
- 15.- Auxiliares Residencia Centro de día.- Xornada completa
- 1.- Conductor/a acompañamento
- 1.- Peón reforzo servizos
- 1.- Socorristas
- 1.- Directora Residencia

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** A primeira tenente de Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos termos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2016 con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan

examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia”

Solicita a Alcaldesa á secretaria interventora a lectura da memoria da Alcaldía que consta no expediente do orzamento e que se reproduce a continuación literalmente:

“MEMORIA DA ALCALDIA EXPLICATIVA DO CONTIDO DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2017 E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIONES QUE PRESENTA EN RELACION CO ORZAMENTO DO 2016 ACTUALMENTE PRORROGADO.

A presente memoria formula o Sr.Alcalde-Presidente de acordo co ordenado polo artigo 168.1.a) do actual Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD.lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Na estrutura do proxecto do Orzamento municipal para o exercicio económico do 2017, que a Alcaldía que subscribe eleva ó Concello en Pleno en cumprimento das disposicións vixentes tivéronse en conta normas e directrices que se sinalan nesta memoria.

Faise unha desagregación das aplicacións presupostarias que permiten un maior control e coñecemento do gasto efectivamente realizado en cada unha das areas de gastos do Concello

A) ESTADO DE GASTOS: BAIXADA DE -2,79% EN RELACIÓN CÓ EXERCICIO ANTERIOR POR IMPORTE DE 68.841,82€

No capítulo 1 de gastos de persoal 55,16% do orzamento total.

Contempla gastos en cargo electo Alcaldía respetando acordos plenarios e créditos suficientes para atender os custes de persoal, previndo gastos en prazas vacantes (auxiliar administrativo, auxiliar axuda no fogar e peón de lixo) que nestes dous últimos casos permiten asumir custes de laboral temporal . Desaparece o custe en normalización lingüística (laboral temporal) mantense previsións de ATS na Residencia actualmente non contratado.

Destaca a previsión de crédito para asunción por secretaría intervención das funcións de tesourería temporalmente.

Destaca a previsión en 50.000€ para asumir custes que veñan dunha aprobación de RPT, correccións de diferenzas salariais polas mesmas funcións , así como recoñecemento de trienios ata agora no pagados por esta corporación ó persoal laboral temporal que cumpra os requisitos para ser receptor dos mesmos.

No anexo de persoal refléxanse créditos para facer fronte o persoal actualmente contratado .

Xa non hai previsión para afrontar pagas extraordinarias pendentes.

Non hai aumento de gastos de persoal, estarase o que dispoña a lei de orzamentos xerais do Estado e orzamento estatal do 2017 para facer as modificacións que sexan necesarias.

O incremento deste capítulo non responde a novos postos nin aumentos salariais , responde a necesidade de atender este goberno os informes de secretaría intervención en materia de organización e custes de persoal. (remítome a informe de secretaría intervención ás nóminas de decembro de 2016).

Gastos en bens correntes e servizos, destacar que no Capítulo 2º hai unha baixada de 113.792,34€ este capítulo representa un 25,80% do orzamento total , se dotan os créditos que segundo as necesidades dos distintos servizos (xerais, sociais , educativos de urbanismo e benestar sanitarios culturais deportivos, turismo,) se prevén para o exercicio económico, atendidos os producidos no ano 2016, e dentro das posibilidades económicas desta Entidade.

A non previsión de gastos relacionados có Festival de la luz , que pasa a estar previsto como subvención nominativa en bases de execución do orzamento municipal por 80.000€ supón un aforro en relación ós exercicios anteriores.

Consignáronse os créditos necesarios para atender en cada Area de gasto as súas necesidades sen prexuízo de modificacións que xurdan o longo do exercicio ante o resultado da xestión.

Destaca a previsión neste Capítulo 2 de crédito suficiente en (clasificación económica 227) para facer fronte os compromisos asumidos vía contratación de terceiros que prestan servizos neste Concello, e modificacións destes contratos, destacando que non hai unha xestión indirecta no servizo do alumeadado público nin tampouco en recollida de lixo, saneamento, distribución de auga , servizo de axuda no fogar , mantemento de espazos públicos senón que se asume con cargo o capítulo 1 de gastos de persoal do Concello estes servizos apoiados con gastos en subministro necesarios para a prestación do servizo, aproveitando inversións propias e adquiridas o longo destes anos para estes servizos.

Non e necesario este ano prever crédito para imputar gastos de exercicios anteriores, o que deriva da boa previsión e xestión feita por este goberno.

Destacar que dase cobertura a estes gastos correntes polas transferencias para gastos correntes que veñen do capítulo 4 de ingresos , previsión aumentada no Plan único da Deputación Provincial para gasto corrente en máis de 50.000€ en relación có exercicio anterior para facer fronte a gastos en servizos mínimos obrigatorios asumindo con fondos propios os gastos antes subvencionados de cultura, deporte, promoción económica....

Nos capítulos 3 (intereses da débeda) e 9, (mantéñense igual ó 2016) hai previsión para atender de ser necesario a carga imputable ao exercicio relacionada con intereses por operacións de tesourería , non hai dotación orzamentaria no capítulo 9 por non ter pendente amortización de préstamo algún este Concello.

Neste exercicio non se prevé apelación a crédito en principio como forma de financiación se ben destacar que existe un equilibrio en termos de presupostación entre os ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza.

Transferencias correntes: consígnanse créditos no Capítulo 4.º, dentro das nosas posibilidades orzamentarias, para a concesión de axudas e subvencións ao longo deste exercicio, as dotacións parten das obrigas xa previstas no orzamento anterior aumentadas por 80.000€ para subvención nominativa Festival de la luz .

Respecto das Inversións Reais representan un 14,81% do orzamento total , as operacións de capital dotáronse nas correspondentes partidas do Cap. 6.º, (ver anexo de inversións) para poder afrontar a execución das obras relacionadas no anexo de inversións coa súa financiación prevista a afectada no capítulo 7 de ingresos mais a aportación con recursos de ingresos correntes que ascende a 8.000€.

Destacar que do Plan único da Deputación prevense ingresos para obras de sala de convivencia e adaptación de aparcamento na Residencia, así como para mantemento de camiños con recollida de pluviais, respetando as bases deste plan único da deputación provincial publicadas no BOP 29/11/2016. Recóllese tamén a obra relacionada con depuradora en Brates do plan de medio ambiente da Deputación de 2016.

Con fondos propios hai previsión de inversións en equipamento informático e para a residencia. A finalización neste exercicio do cumprimento do plan de saneamento económico financeiro e o remanente de tesourería positivo xunto có resultado positivo que se estima da liquidación do orzamento 2016 permitirá afrontar novas inversións, sen prexuízo da obtención de subvencións para inversión da Xunta de Galicia que modificaran este anexo de inversións.

No Capítulo 7 Transferencias de capital non hai previsión orzamentaria .Tampouco hai previsión nos capítulos 8 e 9.

B) ESTADO DE INGRESOS; BAIXADA DO 2,79% EN RELACIÓN CÓ EXERCICIO ANTERIOR POR IMPORTE DE 68.841,82€

1. Recursos ordinarios (capítulos 1 al 5): foron consignados todos aqueles que proceden, tomándose como base as Ordenanzas en vigor e convenios contemplados nestas, a participación nos tributos do Estado, así como os recursos que legalmente corresponde percibir cuxa liquidación se prevé durante o exercicio, en atención aos Dereitos recoñecidos no ano 2016 .

Capítulo 1: representa un 13% do total do orzamento , Imposto sobre Bens Inmóveis , Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e Imposto sobre Actividades Económicas . Faise previsión de ingresos tendo en conta Ordenanzas vixentes e partindo dunha presupostación sobre a base dos dereitos recoñecidos e previsibles altas, así como dos datos dos últimos padróns de contribuíntes obrantes nas dependencias municipais, e o previsto e recaudado no ano 2016. Baixa en 23.313,49€ .

Capítulo 2: representa un 0,36% do total do orzamento.

Neste capítulo 2 de ingresos, constituído unicamente polo Imposto sobre construcións, instalacións e obras, aparece unha redución de previsión en relación o ano 2016 en 6.334,53€ por non terse recadado o previsto no 2016, adaptando o orzamento a realidade urbanística .

Capítulo 3: representa un 31% do total do orzamento.

Hai que destacar neste capítulo a baixada de previsións en relación co ano 2016 en 61.624,39€, apoiada na non previsión de ingresos por prazas ampliadas na residencia, que serán xerados coa súa posta en marcha e axuste á recadación do 2016 non recollendo prezos públicos relacionados con actividades municipais no Festival de la luz por terse dado forma legal coa subvención nominativa á participación do Concello neste evento.

Capítulo 4: representa un 40,90% do total do orzamento aumenta en 4,32% importe de aumento 40.688,77€ .

Neste capítulo temos a participación nos ingresos do Estado fondo autonómico, compensación íae e a destacar os recursos para gastos correntes que viran do Plan único da Deputación Provincial e que supón un importante cambio nesta previsión xa que agora os 150.000€ previstos son para gastos en servizos mínimos obrigatorios (non se destinan a gastos pendentes por non ter constancia na data de hoxe de impagos fora do período medio de pago).

Mantéñense as subvencións reiteradas ano tras ano pola Xunta de Galicia (axente de emprego, plan concertado..) e tamén as de Deputación que non entran no plan único (convenio servizos sociais ...)

Capítulo 5: representa un 0,005% do total do orzamento.

Dentro deste capítulo recóllense intereses de depósitos adáptase ó recadado no exercicio anterior

2. Recursos de capital: para financiar as inversións comprendidas no estado de gastos, destínanse os seguintes:

Capítulo 6: Non se prevé ningún ingreso por este capítulo xa que non ten previsto este equipo de goberno a venta de capital inmobiliario do Concello.

Capítulo 7: representa un 14,48% do total do orzamento.

Transferencias de Capital Capítulo 7: Aquí son orzamentadas as subvencións previstas en recursos afectados no anexo de inversións subvención do Plan único da Deputación así como do plan de medio ambiente.

Capítulos 8 e 9 Activos e Pasivos Financeiros

No presente exercicio económico en principio non se prevén Ingresos por estes conceptos destacando respecto o Capítulo 9 a non previsión de operacións de crédito a longo prazo como fonte de financiación do estado de gastos.

Existe un equilibrio en termos de presupostación entre os ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza. Na medida en que o ingreso supera ó gasto, dos ingresos correntes 8.000€ son destinados a inversións.

Consiguientemente, infírese que as principais modificacións que presenta o Estado de Ingresos, en relación co Orzamento do exercicio anterior, son as que, en resúmen, se expresaron anteriormente.

Aumentarán estes ingresos en capítulos 4 e 7 acompañados da obtención de máis subvencións outorgadas pola Deputación Provincial , Xunta e / ou administración estatal.

C) MODIFICACIÓNS DE CREDITO

Para a realización de obras, servizos, inversións en xeral, ou gastos ordinarios, etc. non contemplados neste Orzamento, ou para os que fosen insuficientes os créditos asignados nas correspondentes partidas, tramitaranse os pertinentes expedientes de modificación de créditos con cargo ao Remanente de Tesourería non comprometido do ano 2016 de ser positivo (ten que estar determinado para o mes de marzo coa liquidación orzamentaria do exercicio 2016) , ou cargo a subvencións, axudas económicas ou outros ingresos previstos na vixente lexislación en materia de Facendas Locais.

As modificacións de crédito que poidan plantearse deberán ter en conta a posible contemplación no estado de gastos e ingresos a esos efectos, e de estar recollidas realizarse polas diferenzas que puideran darse se as achegas son maiores ás previstas, e de ser menores limitarse o gasto o recibido, evitando un incremento ficticio do Estado de Gastos e Ingresos.

Adoptase o compromiso por esta Alcaldía, e por ende do Pleno, de non executar gastos que dependesen de financiación afectada sen ter compromiso asinado ao respecto, quedando limitado a aquel o gasto executable, a no ser que se obteñan maiores ingresos sobre os previstos ou algunha outra fonte de financiación propia.

Solicito ó Pleno municipal que apoie a aprobación deste orzamento que dará cobertura as necesidades do Concello de Boimorto, cunha asignación e xestión eficaz dos recursos existentes e que adapta o Concello os cambios necesarios de cara a un futuro para garantir emprego, mantemento da cultura popular, ocio , mellora de infraestruturas básicas, administración electrónica, atención as necesidades dos maiores e dos nenos.

A xestión intentará acadar a maior eficiencia e eficacia posible na aplicación dos fondos públicos. Destacar tamén a transparencia na actuación deste goberno, e a dispoñibilidade persoal e institucional para atender a demandas e propostas novas que podan ser viables na anualidade 2017.

Boimorto 17 de xaneiro de 2017

A Alcaldesa:

Asdo.- M.^a Jesús Novo Gómez”

A Alcaldesa dalle a palabra ó concelleiro do grupo municipal D. Xosé Luís Rivas que pregunta se hai previsións para trienios e RPT.

Resposta a Alcaldesa que si.

Continúa o concelleiro antedito sinalando que xa van pola segunda reforma da residencia e que non hai previsión para persoal normalizador lingüístico.

Resposta a Alcaldesa sinalando que non se pode asumir o salario de licenciado normalizador e que se intentará acadar acordo con outros concellos conveniando a contratación conxunta.

A Alcaldesa dalle a palabra ó concelleiro do PSdG-PSOE D. Abelardo Seoane Vázquez que critica a falta de inversións e apoia o pago de trienios a persoal laboral, critica tamén unha falta de proxección da Alcaldía, di que hai que pelexar por máis inversións.

Resposta a Alcaldesa que se realizarán máis inversións con subvencións e espera o longo do ano poder utilizar remanente da liquidación do exercicio anterior. Expón que houbo unha baixada de ingresos para facer unha previsión deles real axustada ó recadado no 2016 e que aumentaron gastos de persoal polo que hai que sacar dalgún sitio.

Pregunta o concelleiro do PSdG-PSOE a razón de por que baixa este orzamento en relación co do ano 2016 .

Resposta a Alcaldesa que a baixada ven dunha adaptación os ingresos previstos e recadados realmente.

A Alcaldesa dalle a palabra ó concelleiro D. Xosé Luís Rivas que pídelle á Alcaldesa que se dirixa á Consellería de benestar para que non mintan que si hai prazas concertadas para residencias públicas e tamén subvencións.

Resposta a Alcaldesa que xa o sabe que está pendente .

A concelleira do grupo municipal do BNG D^a Raquel Val di que é necesaria labor de dinamización turística máis aló das previsións orzamentarias.

Sobre a creación de emprego e mantemento da cultura popular di que reconece á Alcaldesa que gastou menos no Festival de la luz e que está máis controlado pero faltan actuacións culturais sinala a falta de Cantares de Reis.

Di a Alcaldesa que non hai participación.

Contesta o concelleiro D. Xosé Luís Rivas que hai que busca.

Sen máis intervencións con 6 votos a favor (cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un voto a favor do membro non adscrito) e con dous votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do BNG e unha abstención do concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2017 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ambos estados á cantidade de 2.396.816,80€ así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

EJERCICIO ECONOMICO DE 2017

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	GASTOS DE PERSONAL	1.322.243,89
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	618.467,80
3	GASTOS FINANCIEROS	2.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	99.000,00
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	INVERSIONES REALES	355.105,11
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS ζ	2.396.816,80

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	315.306,31
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	8.665,47
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	743.865,62
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	981.745,03
5	INGRESOS PATRIMONIALES	129,26
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	347.105,11
	2. OPERACIONES FINANCIERAS	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS ζ	2.396.816,80

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2017, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal :

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

1.-0.-Animador deportivo.-Completa

1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa

1.-0.-Conductor camión.-Completa

1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa

1.-1.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa

1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa

1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa

3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.

1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.

9.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas 1 / 8 completa

1.-Animadora cultural.-Xornada completa

1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada

3.- Mestras PAI .- 3 xornada completa

1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa

1.- Electricista .- Xornada completa

1.- Conductor autobús .- Xornada completa

2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial

1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa

2.- ATS .- Xornada completa

1.- Pinche.- Xornada completa

15.- Auxiliares Residencia Centro de día.- Xornada completa

1.- Conductor/a acompañamento

1.- Peón reforzo servizos

1.- Socorristas

1.- Directora Residencia

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** A primeira tenente de Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos termos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2016 con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do

concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

2.- PROPOSTA ALCALDÍA FASE NEGOCIACIÓN CONTRATO PAS 2015 AMPLIACIÓN DA MINIRESIDENCIA

Pola secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSTA ALCALDÍA PLENO EXTRAORDINARIO DE DATA 25/01/2017

Visto o expediente de contratación das obras do PAS 2015 Ampliación Miniresidencia de Boimorto, en aplicación do disposto na cláusula 15.4 dos pregos de prescricións administrativas particulares e dos criterios de adxudicación previstos no Anexo V.

Vistas as actas do órgano de negociación deste contrato que constan no expediente de contratación.

Vista a puntuación obtida polos licitadores en relación os criterios de adxudicación oferta económica, puntuación acordada polo órgano de negociación na última acta transcrita.

De conformidade co disposto na cláusula 15.4 do prego de cláusulas, polo presente, propono ó Pleno municipal como órgano de contratación que adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Comunicar a cada licitador a través da dirección de correo electrónico indicado no sobre A) "Documentación", en que posición está segundo puntuacións totais e parciais sen divulgar identidade de licitadores invitando á presentación nun prazo non superior a 48 horas dende a recepción de mail, dunha segunda oferta económica que ratifique a inicial presentada ou a mellore expresamente. Para a presentación destas ofertas deberá ter en conta o disposto nas cláusulas 15.4 e 11 do prego de prescricións particulares.

Puntuación sobre B:

1	oferta 1	29 puntos
2	oferta 2	14 puntos
3	oferta 3	29 puntos
4	oferta 4	28 puntos
5	oferta 5	20 puntos
6	oferta 6	32 puntos
7	oferta 7	14 puntos

Puntuación Ofertas económicas

1 oferta 1	234.320,19€	puntuación 0,37 puntos
2 oferta 2	213.018,36€	puntuación 2,75 puntos
3 oferta 3	227.420,00€	puntuación 1,29 puntos
4 oferta 4	233.823,15€	puntuación 0,44 puntos
5 oferta 5	233.712,11€	puntuación 0,46 puntos
6 oferta 6	236.313,00€	puntuación 0,06 puntos
7 oferta 7	231.953,33€	puntuación 0,73 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL (de tódolos criterios de adxudicación) ORDEADA

1	Oferta 6	32,06 puntos
2	Oferta 3	30,29 puntos
3	Oferta 1	29,37 puntos
4	Oferta 4	28,44 puntos
5	Oferta 5	20,46 puntos
6	Oferta 2	16,75 puntos
7	Oferta 7	14,73 puntos

SEGUNDO.- Non admitir á oferta do licitador Construcciones José Lagares S.L. xa que fai na documentación do sobre B diagrama de Gant á oferta económica, tendo en conta o disposto na cláusula 12.2 do prego que sinala “ calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación suporá a non admisión da oferta “, notificando este acordo có réxime de recursos.

TERCEIRO.- Comunicar este decreto aos servizos administrativos aos efectos oportunos.

Boimorto 20 de xaneiro de 2017

A Alcaldesa:

Asdo.- María Jesús Novo Gómez>>>

Explica a Alcaldesa que trátase dun mero trámite co que se inicia negociación da oferta económica.

Sen máis intervencións con sete votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro do grupo mixto, un do concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE e dúas abstencións dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal

ACORDOU:

PRIMEIRO.- Comunicar a cada licitador a través da dirección de correo electrónico indicado no sobre A) "Documentación", en que posición está segundo puntuacións totais e parciais sen divulgar identidade de licitadores invitando á presentación nun prazo non superior a 48 horas dende a recepción de mail, dunha segunda oferta económica que ratifique a inicial presentada ou a mellore expresamente .Para a presentación destas ofertas deberá ter en conta o disposto nas cláusulas 15.4 e 11 do prego de prescricións particulares.

Puntuación sobre B:

1	oferta 1	29 puntos
2	oferta 2	14 puntos
3	oferta 3	29 puntos
4	oferta 4	28 puntos
5	oferta 5	20 puntos
6	oferta 6	32 puntos
7	oferta 7	14 puntos

Puntuación Ofertas económicas

1 oferta 1	234.320,19€	puntuación 0,37 puntos
2 oferta 2	213.018,36€	puntuación 2,75 puntos
3 oferta 3	227.420,00€	puntuación 1,29 puntos
4 oferta 4	233.823,15€	puntuación 0,44 puntos
5 oferta 5	233.712,11€	puntuación 0,46 puntos
6 oferta 6	236.313,00€	puntuación 0,06 puntos
7 oferta 7	231.953,33€	puntuación 0,73 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL (de tódolos criterios de adxudicación) ORDEADA

1	Oferta 6	32,06 puntos
2	Oferta 3	30,29 puntos
3	Oferta 1	29,37 puntos
4	Oferta 4	28,44 puntos
5	Oferta 5	20,46 puntos
6	Oferta 2	16,75 puntos
7	Oferta 7	14,73 puntos

SEGUNDO.- Non admitir á oferta do licitador Construcciones José Lagares S.L. xa que fai na documentación do sobre B diagrama de Gant á oferta económica, tendo en conta o disposto na cláusula 12.2 do prego que sinala “ calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación suporá a non admisión da oferta “, notificando este acordo co réxime de recursos.

TERCEIRO.- Comunicar este decreto aos servizos administrativos aos efectos oportunos.

3.- PROPOSTA ALCALDÍA PRÓRROGA ADSCRIPCIÓN PROVISIONAL FUNCIONS TESOURERÍA

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DA ADSCRIPCIÓN Á SECRETARÍA INTERVENCIÓN DA TESOURERÍA MUNICIPAL

Visto o acordo plenario de data 3/6/2016 no que se acorda:

“PRIMEIRO.- Modificación de bases de execución e anexo de persoal de indemnización por este concepto para que se asuma temporalmente nos termos dos considerandos deste acordo reflexados en decreto da Alcaldía por seis meses pola Secretaría interventora cunha indemnización de 600 € brutos mensuais, durante seis meses ata que se resolva na normativa estatal esta situación.

SEGUNDO.- Dirixirse en asistencia da Deputación Provincial, mediante comunicación dirixida ao titular do órgano competente da asistencia e cooperación aos Municipios para que se pronuncie sobre a coordinación posible deste proceso, designando un funcionario de carreira da mesma, que poderán ser uns funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, integrado nos servizos de asistencia técnica, ou na súa falta, calquera outro funcionario da mesma, para asumir a tesourería deste Concello, así como dirixir escrito á CCAA e a Deputación Provincial en relación á posible cobertura da tesourería municipal”

Visto que a data de hoxe non se pronuncian nin a Deputación Provincial de A Coruña nin a Xunta de Galicia sobre outras posibilidades de cobertura destas funcións, tendo en conta que a normativa estatal tampouco a data actual resolve esta cuestión e non hai novo regulamento.

Considerando que o MINHAP publicou Criterio sobre a aplicación da modificación do artigo 92 bis da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local efectuada polo RD lei 10/2015 de 11 de setembro na que sinala para secretarías de clase terceira que o exercicio de funcións reservadas corresponde en exclusiva a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional sen prexuízo do disposto na disposición transitoria 7ª” .

Polo presente propono que o Pleno municipal ACORDE:

UNICO.- Manter prorrogada a adscrición de funcións de Tesourería na Secretaria interventora deste Concello baixo os mesmos condicionantes económicos reflexados no anterior acordo plenario de data 3/6/2016.

Boimorto 20 de xaneiro de 2017

A Alcaldesa:

Asdo.- M.ª Jesús Novo Gómez “

A Alcaldesa dalle a palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luí Rivas que pide que conste en acta o desacordo do seu grupo, que esto e tirar diñeiro público e de forma esaxerada que gran parte das labores de tesourería xa as fai a Deputación Provincial que non entende a razón de non permitir o sistema anterior, que este é máis oneroso e non ten sentido en concellos nos que a recadación está delegada, di que pode asumir Armanda ditas labores que xa fixo.

Sen máis intervencións con seis votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro do grupo mixto, con dous votos en contra dos dous concelleiros do BNG e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE o Pleno municipal **ACORDOU:**

ÚNICO.- Manter prorrogada a adscrición de funcións de Tesourería na Secretaria interventora deste Concello baixo os mesmos condicionantes económicos reflexados no anterior acordo plenario de data 3/6/2016

4.- PROPOSTA ALCALDÍA SUBVENCIÓN NOMINATIVA FESTIVAL DE LA LUZ 2016

Explica a Alcaldesa que quere que se vote a retirada deste expediente pendente de novo informe de intervención ante a última documentación aportada inda esta semana.

En aplicación do artigo 92 do RD 2568/1986 por maioría simple con sete votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, un do concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE e con dúas abstención dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno acordou a retirada deste expediente da orde do día non procedendo votación sobre o fondo do asunto.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra alcaldesa remata a sesión, sendo as 10:45 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa-presidenta e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez